

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

Informe de auditoría y contas anuais do exercicio 2019

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

**Informe de auditoría de cuentas anuales abreviadas
emitido por un auditor independiente**

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS
EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Á Asemblea Xeral de Socios de Unión de Cooperativas Espazocoop

Opinión

Auditamos as contas anuais abreviadas da Unión de Cooperativas Espazocoop, (a entidade), que comprenden o balance a 31 de decembro de 2019, a conta de perdas e ganancias, e a memoria (todos eles abreviados) correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais abreviadas adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Entidade a 31 de decembro de 2019, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio terminado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2.1 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais abreviadas* do noso informe.

Somos independentes da entidade de conformidade cos requerimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais abreviadas en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos de auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen a necesaria independencia de modo que se vira comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais abreviadas do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais abreviadas no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.



A3M Auditores
&
Consultores del Noroeste, S.L.
CIF B70119510
ROAC Nº S-2300

Xustificación e imputación de subvencións

Descrición

Tal e como se describe nas notas 9 e 11 da memoria abreviada, a entidade percibe importes significativos procedentes de subvencións de diferentes entidades públicas. Ditas achegas son aplicadas pola entidade aos fins para os que as mesmas foron concedidas, ou en caso daquelas que son concedidas sen unha finalidade específica, ás actuacións que a entidade considera máis necesarias para o desenvolvemento dos seus fins.

A imputación ao resultado do exercicio das subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de non reintegrables, efectúase según o debeño dos gastos para os que foron concedidos, tal como se describe na nota 4.13) da memoria.

Dado o volume de subvencións e doazóns recibidas pola entidade, e a diversa natureza das mesmas, consideramos a correcta xustificación de subvencións así como a súa imputación a resultados como un aspecto relevante da nosa auditoría.

Procedementos aplicados na auditoría

Para dar resposta ao devandito aspecto relevante, procedeuse a realizar unha análise das subvencións recibidas que foron rexistradas no exercicio, verificando o cumprimento dos compromisos adquiridos, a efectos de verificar o seu carácter de non reintegrables.

Por outra banda, procedeuse a verificar que os criterios de imputación a resultados sexan congruentes coa finalidade da subvención así como a razoabilidade das cantidades imputadas no exercicio.

Asimesmo verificouse que o importe das subvencións recibidas, en ningún caso subardou o importe do custo da actividade subvencionada.



Responsabilidade dos conselleiros en relación cas contas anuais abreviadas

Os conselleiros son responsables de formular as contas anuais abreviadas adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais abreviadas libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais abreviadas, os conselleiros son responsables da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os conselleiros teñen intención de liquidar a entidade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais abreviadas

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais abreviadas no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando exista. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e se consideran materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que influán nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais abreviadas.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais abreviadas, debida a fraude ou erro, diseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos conselleiros.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos conselleiros, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que

poden xerar dudas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais abreviadas ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais abreviadas, incluída a información revelada, e se as contas anuais abreviadas representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos conselleiros da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos conselleiros da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais abreviadas do periodo actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descríbimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar públicamente a cuestión.

A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.

Inscrita no R.O.A.C. Nº S2300



M. Beatriz Eirúa Álvarez

Inscrita no R.O.A.C. Nº 20799

24 de xullo de 2020

**UNIÓN DE COOPERATIVAS
ESPAZOCOOP**

**CONTAS ANUAIS
EXERCICIO 2019**

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA CORRESPONDENTE
O EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2019

	Notas memoria	Exercicio 2019	Exercicio 2018
Importe neto da cifra de negocios	9	34.133,56	29.690,00
Outros ingresos de explotación		530.660,29	422.355,34
a) Cotas de asociados e afiliados	9	47.548,00	46.258,00
b) Subvencións imputadas ó resultado do exercicio	9-11	479.221,89	373.332,09
c) Outros ingresos de explotación	9	3.890,40	2.765,25
Gastos de persoal	9	-326.327,70	-315.555,94
Outros gastos de explotación	9	-238.032,74	-130.535,85
Amortización do inmovilizado	5	—	-750,47
Outros resultados excepcionais	9	429,76	-17.938,52
RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		863,17	-12.735,44
Ingresos financeiros	9	3,78	15,83
Gastos financeiros	9	-4.447,85	-3.280,44
RESULTADO FINANCEIRO		-4.444,07	-3.264,61
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		-3.580,90	-16.000,05
Impostos sobre beneficios	10	8.445,96	1.467,87
RESULTADO DO EXERCICIO	3	4.865,06	-14.532,18

As Notas 1 a 14 da memoria adxunta forman parte integrante da Conta de perdas e ganancias abreviada

UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

BALANCE ABREVIADO AO PECHE DO EXERCICIO 2019

ACTIVO	Notas	Exercicio 2019	Exercicio 2018	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas	Exercicio 2019	Exercicio 2018
ACTIVO NON CORRENTE				PATRIMONIO NETO			
Inmobiliado material	5	1.633,11	903,19	Fondos propios		136.827,22	131.962,16
Investimentos financeiros a L/P	6	4.967,48	4.967,48	Resultados de exercicios anteriores	8	131.962,16	146.494,34
Activos por imposto diferido	10	9.913,83	1.467,87	Resultado do exercicio	3	4.865,06	-14.532,18
Total Activo Non Corrente		16.514,42	7.338,54	Total Patrimonio Neto		136.827,22	131.962,16
ACTIVO CORRENTE				PASIVO CORRENTE			
Existencias		480,00	480,00	Débedas a curto prazo		151.512,31	139.212,87
Debedores comerciais e outras contas a cobrar		277.432,77	277.765,25	<i>Débedas con entidades de crédito</i>	7	151.512,31	139.212,87
<i>Cientes por vendas e Prestacións de servizos</i>	6	17.741,23	27.491,86	Acredores comerciais e outras contas a pagar		21.229,94	23.844,54
<i>Outros debedores</i>		259.691,54	250.273,39	<i>Provedores</i>	7	2.762,72	383,43
Periodificacións a C/P		—	5.228,28	<i>Outros acredores</i>		18.467,22	23.461,93
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		15.142,28	4.207,51	Total Pasivo Corrente		172.742,25	163.057,41
Total Activo Corrente		293.055,05	287.681,04				
TOTAL ACTIVO		309.569,47	295.019,57	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		309.569,47	295.019,57

As Notas 1 a 14 da memoria adxunta forman parte integrante do Balance de situación abreviado

Handwritten signatures in blue ink, including names like 'Carlos' and 'Antonio', are present on the right side of the page.

MEMORIA ABREVIADA 2019

1. ACTIVIDADE DA UNIÓN

Unión de Cooperativas Espazocoop, e unha entidade de recente creación logo da fusión por integración da Unión de cooperativas de traballo asociado-UGACOTA coa Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia - UCETAG e a Federación de Empresas Cooperativas SINERXIA, acordada na Asemblea Xeral do 5 de Novembro de 2016 e que tivo como consecuencia a disolución das tres entidades fusionadas con data de 31 de Decembro de 2016.

A Unión de Cooperativas Espazocoop, constitúese en Santiago de Compostela o 27 de decembro de 2016, mediante escritura pública outorgada por dona Inmaculada Espiñeira Soto, protocolo número 2583. Inscríbese no Libro de Inscripción de Asociacións Cooperativas do Rexistro de Cooperativas Sección Central, ao tomo un, folio un e baixo o asento un, asignándolle o número de inscrición 15-SCTA.

A Unión de cooperativas é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

O obxecto xeral da Unión é a defensa dos intereses socioeconómicos das cooperativas asociadas, a promoción do cooperativismo como fórmula de desenvolvemento económico e social, o acordo de políticas e criterios en torno ao cooperativismo e a economía social, o fomento da autoxestión e o aumento do nivel profesional do cooperativismo.

A Unión asocia a 31 de decembro de 2019 a **200 cooperativas** ás que presta servizos integrais en materia de cooperativismo.

Os fins específicos da Unión, son os seguintes:

- a) A representación e defensa dos intereses colectivos das cooperativas asociadas, ante todo tipo de persoas, entidades e organismos públicos e privados.
- b) Fomentar o cooperativismo e a intercooperación entre cooperativas, e entre estas e outras entidades da economía social.
- c) Reclamar aos poderes públicos unha atención e colaboración preferente co sector cooperativo, para acadar un mellor desenvolvemento social e empresarial.
- d) Informar, asesorar e negociar coas administracións públicas sobre a elaboración, desenvolvemento, aplicación e modificación de cantas disposicións poidan ditarse que afecten ás empresas cooperativas.
- e) Promover a colaboración con organismos e institucións oficiais e con outras asociacións de carácter político, sindical, empresarial ou cultural en cantos asuntos se estimen oportunos.
- f) Establecer, manter e fomentar contactos e colaboración con entidades autonómicas, estatais e internacionais de natureza cooperativa.

- g) Informar e asesorar ás cooperativas asociadas de calquera asunto de interese na forma e condicións que regulamentariamente se determinen establecendo un fluxo de información regular e completo, tanto a nivel interno como externo.
- h) Promover o intercambio de información entre as cooperativas asociadas sobre asuntos que sexan de interese, para o mellor desenvolvemento das súas actividades.
- i) Promover e coordinar a formación cooperativa, empresarial e ocupacional nas cooperativas.
- k) Fomentar a toma de conciencia e apoiar a igualdade de oportunidades e a integración social de calquera colectivo en risco de exclusión, na comunidade en xeral e no cooperativismo de traballo asociado en particular.
- l) Fomentar un novo cooperativismo anovador, con presenza en sectores emerxentes, incentivando empresas de alto valor engadido e novas tecnoloxías.
- m) Calquera outro que sexa conforme coa defensa e desenvolvemento desta Unión de Cooperativas.

O domicilio social da entidade está establecido en rúa do Hórreo, 104 baixo esquerda, en Santiago de Compostela, contando ademais con centros para desenrolar as súas actividades en Vigo e A Coruña.

2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.

2.1. Imaxe fiel:

As Contas Anuais do exercicio 2019 foron formuladas polo consello Reitor a partir dos rexistros contables da Unión a 31 de decembro de 2019 e nelas se aplicaron os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1514/2017 polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade e as súas adaptacións sectoriais, e restante lexislación mercantil aplicable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e os resultados da entidade. Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaran disposicións legais en materia contable.

As Contas Anuais se someterán á aprobación da Asemblea Xeral, estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha.

Esta Unión está a aplicar todas as disposicións vixentes contempladas na Lei 5/1998 de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia.

2.2. Principios contables:

Para a elaboración das Contas Anuais aplicáronse os principios contables definidos no Real Decreto 1514/2017 de 16 de novembro.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza:

A Unión elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento habendo tido en consideración a situación actual do COVID-19 así como os posibles efectos na economía en xeral e na empresa en particular, non existindo risco para a continuidade da actividade.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse estimacións, para cuantificar algúns activo, pasivos, ingresos e gastos que figuran rexistrados nelas. Estas estimacións refírense a

- Vida útil dos activos materiais.
- Avaliación para determinar a existencia de perdas por deterioro, sobre clientes e debedores.

Handwritten signatures in blue ink are present on the right side of the page, including a large signature at the top, several smaller ones in the middle, and a signature at the bottom right.

A pesar de que ditas estimacións realizáronse sobre a base da mellor información dispoñible ao peche do exercicio 2019, pode ser que acontecementos que poidan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (a alza ou a baixa) nos próximos exercicios, o que se faría no seu caso de forma prospectiva.

2.4. Comparación da información:

Según a normativa vixente, se respetaron a estrutura e clasificación das contas do exercicio anterior e cumpren co obxectivo de imaxe fiel das contas anuais. Non hai causas que impidan a comparación das contas anuais do exercicio 2019 coas do precedente.

2.5. Elementos recollidos en varias partidas:

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou mais partidas do balance.

2.6. Cambios en criterios contables.

Durante o exercicio 2019 non se produciron cambios significativos en criterios contables.

2.7. Corrección de erros.

As Contas Anuais do exercicio 2019 non inclúen axustes realizados como consecuencia de erros detectados.

2.8. Importancia relativa.

Ao determinar a información a desagregar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, A Unión, de acordo co Marco conceptual do Plan Xeral de contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas Contas Anuais do exercicio 2019.

3. APLICACIÓN DE RESULTADOS.

O resultado da conta de perdas e ganancias é positivo sendo por un importe de 4.865,06 euros despois de impostos. O resultado positivo incorporárase ao Remanente da Unión. Por tanto a proposta de distribución de resultados para o exercicio 2019 formulada polo Consello Reitor é de distribución do resultado do exercicio a Remanente tal e como establece o artigo 42 dos Estatutos da entidade.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN.

4.1. Inmobilizacións Intanxibles:

O inmovilizado intanxible se valora inicialmente polo seu custe, sexa polo prezo de adquisición ou custe de produción. O custe do inmovilizado intanxible adquirido mediante combinacións de negocios e polo seu valor razoable na data de adquisición.

Logo do recoñecemento inicial, o inmovilizado intanxible se valora polo seu custe, menos a amortización acumulada e no seu caso o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

A amortización dos elementos de inmovilizado intanxible é de forma lineal, en función dos anos de vida útil.

Aplicacións Informáticas: atópanse valoradas ao seu custo de produción e amortízanse dentro do prazo de seis anos contados desde a finalización da elaboración das distintas aplicacións.

4.2. Inmobilizacións Materiais:

Atópase valorado a prezo de adquisición. A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, dende o momento nos que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, estimándose un valor residual nulo, segundo o seguinte detalle:

- Mobiliario10%
- Equipos informáticos.....20%
- Outro inmovilizado material.....10%

Os custos de renovación, ampliación ou mellora dos bens do inmovilizado son incorporados ao activo como maior valor do ben exclusivamente cando supón un aumento da súa capacidade, da súa produtividade ou alarguen a súa vida útil.

A Unión avalía ao peche do exercicio se existen indicios de perdas por deterioro do seu inmovilizado material, que reduzan o valor recuperable de ditos activos a un importe inferior ao seu valor contable.

4.3 Arrendamentos financeiros e operativos

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transfíren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes a propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos. A totalidade de arrendamentos da entidade son operativos; os gastos derivados dos acordos de arrendamento operativo cárganse á conta de perdas e ganancias no exercicio en que se devenga.

4.4. Inversións inmobiliarias.

A Unión non dispón de inversións inmobiliarias.

4.5. Permutas.

Non existen permutas.

4.6. Activos financeiros e pasivos financeiros.

A empresa ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro o a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Se consideran, por tanto instrumentos financeiros, os seguinte:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios.
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes.
- Valores representativos de débeda de outras empresas adquiridos: tales como las obrigacións, bonos e pagares.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

- Instrumentos de patrimonio de outras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de inversión colectiva e outros instrumentos de patrimonio.

- Derivados con valoración favorable para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.

- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos exixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios.

- Débedas con entidades de crédito.

- Obrigacións e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e pagares.

- Derivados con valoración desfavorable para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.

- Débedas con características especiais.

- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos exixidos por terceiros sobre participacións.

4.6.1. Inversións financeiras a longo e curto prazo.

a) Préstamos e contas por cobrar: se rexistran polo seu custe amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os intereses devengados non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar. A entidade rexistra os correspondentes deterioros pola diferenza existente entre o importe a recuperar das contas por cobrar e o valor en libros polo que se encontran rexistradas.

b) Inversións mantidas ata o seu vencemento: aqueles valores representativos de débeda, con unha data de vencemento fixada, cobros de contía determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a empresa ten intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento. Se contabilizan ao seu custe amortizado.

4.6.2. Pasivos financeiros.

Os préstamos, obrigacións e similares se rexistran inicialmente polo importe recibido, neto de custes incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadas na liquidación o reembolso e os custes de transacción, se contabilizan na conta de perdas y ganancias segundo o criterio de devengo utilizando o método de interese efectivo. O importe devengado e non liquidado se engade ao importe en libros na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

As contas a pagar se rexistran inicialmente ao seu custe de mercado e posteriormente son valoradas ao custe amortizado utilizando o método de la taxa de interese efectivo.

Fianzas entregadas

Os depósitos ou fianzas constituídas en garantía de determinadas obrigacións, se valoran polo importe efectivamente satisfeito, que non difire significativamente do seu valor razoable.

Valor razoable

O valor razoable é o importe polo que pode ser intercambiado un activo o liquidado un pasivo, entre partes interesadas e debidamente informadas, que realicen una transacción en condicións de independencia mutua.

Con carácter xeral, na valoración de instrumentos financeiros valorados a valor razoable, a empresa calcula este por referencia a un valor fiable de mercado, constituíndo o prezo cotizado nun mercado activo a mellor referencia de dito valor razoable. Para aqueles instrumentos respecto dos cales non exista un mercado activo, o valor razoable se obtén, no seu caso, mediante a aplicación de modelos e técnicas de valoración.

Se asume que o valor en libros dos créditos e débitos por operacións comerciais se aproxima a o seu valor razoable.

Os pasivos financeiros e os instrumentos de patrimonio se clasifican conforme ao contido dos acordos contractuais pactados e tendo en conta o fondo económico. Un instrumento de patrimonio e un contrato que representa unha participación residual no patrimonio do grupo unha vez deducidos todos os seus pasivos.

4.7. Existencias.

Se valoran ao prezo de adquisición ou custe de produción. As existencias recollidas nas Contas Anuais están valoradas polo prezo de adquisición e non están destinadas a súa venta.

4.8. Transaccións en moeda estranxeira.

Non existen operacións con moeda estranxeira nin diferencias de cambio ou valoración.

4.9. Imposto sobre beneficios.

Contabilizado como gasto, o seu cálculo realízase en función do resultado do exercicio considerándose as diferenzas existentes entre o resultado contable e o resultado fiscal (base imponible do imposto) a efectos de determinar o Imposto sobre Sociedades devengado no exercicio. Devandito cálculo ten en conta os beneficios fiscais por tratarse dunha entidade parcialmente exenta, realizando os aumentos e diminucións en función das subvencións recibidas e a porcentaxe de gastos atribuídos as subvencións.

4.10. Ingresos e Gastos:

Impútanse en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles, é dicir séguese para a súa imputación o principio de devengo.

Seguindo o principio de prudencia, unicamente contabilizaranse os beneficios realizados á data do peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas eventuais con orixe no exercicio ou noutro anterior contabilizaranse no momento en que sexan coñecidas.

4.11. Provisións e continxencias.

As obrigacións ou dereitos existentes a data do balance de situación xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden ocasionar prexuízos patrimoniais para a Entidade cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados, se rexistran no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que se estima se vai a desembolsar ou cobrar.

4.12. Criterios empregados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal.

As retribucións ao persoal técnico foron calculados mediante acordo interno en función do convenio de oficinas e despachos provincial ademais de respectar as melloras anteriores xa existentes das entidades fusionadas.

4.13. Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións concedidas financiaron gastos específicos. Se imputaron como ingresos no exercicio e se devengaron nos gastos para os que foron concedidos.

4.14. Combinacións de negocio.

Na data de adquisición, os activos identificables adquiridos e os pasivos asumidos se rexistrarán, con carácter xeral, polo seu valor razoable sempre e cando dito valor poda ser medido con suficiente fiabilidade. No exercicio 2019 non existen partidas dentro desta valoración.

4.15. Negocios conxuntos.

A Entidade non dispón de negocios conxuntos .

4.16. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

A Entidade non ten transaccións entre partes vinculadas.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIÓNS INMOBILIARIAS.

O movemento habido neste capítulo do balance de situación é o seguinte:

PARTIDA	SALDO INICIAL	AUMENTOS	DISMINUCIONS	SALDO FINAL
Aplic. Informát.	7.233,54		0,00	7.233,54
Mobiliario	7.724,38	672,45	0,00	8.396,83
Equip. Informát.	14.570,82		0,00	14.570,82
Outro In. Mat.	2.438,18	57,47	0,00	2495,65
TOTAL	31.966,92	729,92	0,00	32.696,84

Amortizacións acumuladas:

PARTIDA	SALDO INICIAL	AUMENTOS	DOTACIÓN	SALDO FINAL
Aplic. Informát.	-7.233,54			-7.233,54
Mobiliario	-6.821,19			-6.821,19
Equip. Informát.	-14.570,82			-14.570,82
Outro In. Mat.	-2.438,18			-2.438,18
TOTAL	-31.063,73			-31.063,73

- O inmovilizado intanxible que a 31 de decembro de 2019 se encontra totalmente amortizado.
- O inmovilizado material se encontra repartido entre as tres oficinas alugadas de Espazocoop en A Coruña , Santiago e Vigo, e o estado da súa amortización se detalla no punto anterior desta memoria. A entidade ten contratadas pólizas de seguros para a salvagarda do seu inmovilizado.
- Non existen partidas en Inversións inmobiliarias

No exercicio 2019 a Unión non rexistrou perdas por deterioro dos inmovilizados materiais.

6. ACTIVOS FINANCEIROS.

a) Activos financeiros a longo prazo

- Instrumentos de patrimonio de outras empresas adquiridos; inversións en outras entidades rexistrados a custo por un total de 2.546,25 euros:

- Capital Social Caixa Rural S. Coop. por importe de 120,22 euros.
- Capital Social Nosa Enerxía por importe de 100 euros.
- Bonos Andaina S. Coop. Galega por importe de 300,51 euros.
- Capital Social Caixamar S. Coop. por importe de 549 euros.
- Capital social de Coop57 SCLL por importe de 901,52 euros.
- Capital Social Fiare Banca Ética por importe de 575 euros.

- Outros activos financeiros a longo prazo:

Actualmente Espazocoop ten constituídas fianzas por un total de 2.421,23 euros; unha fianza a longo prazo con Don Ismael Mosteiro Fernández, en concepto de alugueiro do local da sede de Santiago; o seu importe ascende a 821,23 euros; unha fianza a longo prazo con José Moar Graña S.C. por importe de 400,00 euros en concepto de alugueiro do local na sede da Coruña e unha fianza de 1.200,00 euros con Carlos Eduardo Gulias Alonso en concepto de alugueiro do local da sede de Vigo.

b) Activos financeiros a curto prazo

Non se detallan os saldos de efectivo e outros activos líquidos nin os importes de Facenda Pública debedora segundo consulta emitida polo ICAC (inclúense na Nota 10 Situación Fiscal).

Ao peche do exercicio 2019 existía un saldo en clientes por operacións comerciais por 17.741,23 euros e outros debedores por 3,890,40 euros (saldo con COCETA por gastos de representación pendentes de pago). Ditos saldos non foron obxecto de deterioro dado que non existen dúbidas para o seu cobro.

Durante o exercicio 2019 non se dotaron deterioros sobre saldos deudores, sendo o saldo inicial de 36.983,63 euros.

Durante o exercicio procedeuse a aplicar un importe de deterioro rexistrado en exercicios anteriores por importe de 34.061,63 euros correspondentes a importes adeudados por COCETA por gastos de formación de 2014 e outros conceptos, ao existir recoñecemento por parte de dita entidade de ditos importes e non existir dúbidas acerca dos cobros dos mesmos, os cales se están recibindo ó longo do exercicio 2020.

7. PASIVOS FINANCEIROS.

a) Débitos por operacións comerciais con provedores por 2.762,72 euros e acredores varios por importe de 1.465,82 euros. Non se inclúen os saldos acredores con Facenda Pública segundo consulta emitida polo ICAC (inclúense na Nota 10 Situación Fiscal).

-b) Débedas con entidades de crédito:

Espazocoop ten contratadas dúas pólizas de crédito segundo o seguinte detalle:

	Importes (€)	Saldo disposto 31-12-19(€)	Vencementos
Caixa Rural S. Coop. Galega	200.000,00	102.012,31	03/04/2020
Coop57 SCLL	50.000,00	49.500,00	30/06/2020
TOTAL	250.000,00	151.512,31	

Non existen outros pasivos financeiros a longo prazo nin a curto prazo.

8. FONDOS PROPIOS

Os Fondos Propios da entidade están formados por : Remanente e o Resultado do exercicio.

- Detalle do Remanente:

Saldo a 01/01/2018	145.624,39
-Distribución Resultado exercicio 2017	869,95
Saldo a 31/12/2019	146.494,34

Saldo a 01/01/2019	146.494,34
-Distribución Resultado exercicio 2018	-14.532,18
Saldo a 31/12/2019	131.962,16

Segundo o artigo 41 dos estatutos os beneficios que resulten do balance de peche de cada exercicio incorporanse a partida de fondos propios como remanente.

9. INGRESOS E GASTOS.

INGRESOS	2018	2019
INGRESOS	84.053,36	121.067,13
Cotas sociais	46.258,00	47.548,00
Prestación de servizos	26.711,15	31.921,93
Prestación de servizos: Formación en cooperativismo	450,00	
Gastos de representación COCETA	2.764,25	3.890,40
Coop 57 (gastos de representación)	2.528,85	2.211,63
Ingresos financeiros	15,83	3,78
Ingresos extraordinarios	1,36	1.429,76
Ingresos reversión deterioro cobros	5.324,28	34.061,63
Convenios e subvencións	373.332,09	479.221,89
Subvención Consellería de Emprego, gastos funcionamento	100.000,00	100.000,00

CONTAS ANUAIS 2019- UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

Concello de A Coruña	2.049,00	19.998,00
Actividades de fomento na Rede Eusumo	157.329,60	187.480,00
Proxecto Poises	23.876,21	52.724,15
Proxecto Poctep Laces	90.077,28	119.019,74
TOTAL INGRESOS	457.385,45	600.289,02

GASTOS	2018	2019
Salarios e Seguridade Social	315.555,94	326.327,70
Alugueiros	16.531,38	17.126,31
Reparacións e conservación	297,78	635,28
Mantementos informáticos	1.336,18	1.573,35
Servizos profesionais independentes	14.101,63	104.070,85
Transportes	4.777,32	9.896,24
Primas de seguros	1.010,21	2.026,09
Servizos bancarios	1.098,21	487,97
Publicidade propaganda e relacións públicas	884,25	11.473,37
Subministro (auga, gas, luz, teléfono)	6.042,83	2.418,43
Gastos formación obradoiros Eusumo	27.039,42	36.396,67
Dietas e desprazamentos da Entidade	17.300,08	22.945,53
Material oficina	3.663,63	4.645,16
Correos	611,81	214,71
Limpeza	2.075,10	2.892,79
Outros servizos	8.992,61	15.732,72
Cota COCETA	4.155,00	4.155,00
Cota voluntaria COCETA	7.509,14	
Cota UECOFE	4.388,80	4.388,80
Cota Reas	100,00	100,00
Secretaría técnica Coop57		11.111,76
Cota Cepes		1.000,00
Tributos (IBI Coruña)	115,90	115,90
Prorrata IVE	6.573,32	19.687,44
Devolución Ive 2017	4.304,24	
Ive non deducible formación	5.344,40	
Formación Coceta	2.671,20	
Dotación amortización	750,47	
Gastos financeiros	3.280,44	4.447,85
Devolución subvención Eusumo 2017	2.349,84	
Devolución subvención Concello A Coruña	10.524,73	

TOTAL GASTOS	473.385,50	603.869,92
RESULTADO DO EXERCICIO ANTES DE IMPOSTOS	-16.000,05	-3.580,90

Desagregación das partidas de gasto:

A) Gastos de persoal:

Distínguese entre Salarios e Seguridade Social asumidos pola entidade e os asignados aos distintos programas:

	2018	2019
Salarios Entidade	45.626,89	67.241,45
Salarios Subvención Asociacións	121.507,47	89.905,12
Salarios Proxecto Poises	16.011,19	52.724,19
Salarios Proxecto Laces	69.957,09	45.051,37
Convenio Concello A Coruña	1.564,92	
Seguridade Social Entidade	11.271,83	43.765,35
Seguridade social Subvención asociacións	27.902,11	27.640,22
Seguridade Social Poises	4.797,53	
Seguridade Social Proxecto Laces	16.410,51	
Seguridade Social Subvención Concello A Coruña	493,69	
Outros gastos sociais (seguro accidentes)	12,71	

B) Outros gastos de explotación: distínguese entre os gastos asumidos pola entidade e os financiados polas distintas subvencións:

		2018	2019
Arrendamentos	Entidade	5.026,35	7.405,18
	Subvención asociacións	9.207,71	9721,13
	Proxecto Laces	2.297,31	
Reparacións e conservación	Entidade	57,63	360,18
	Subvención asociacións	88,52	275,10
	Proxecto Laces	151,60	
Manten. e informáticos	Entidade	971,48	1.198,35
	Subvención asociacións	109,46	375,00
	Proxecto Laces	255,24	
Servizos profesionais independentes	Entidade	2.614,66	34.457,65
	Subvención asociacións	8.967,97	10.305,09
	Proxecto Laces	787,31	59.308,11
	Proxecto Poises	1.731,69	
	Servicio asesoría técnica Coop57		11.111,76
Transportes	Entidade	1.230,08	2.220,62

	Coop 57	1.160,84	3.358,30
	Subvención asociacións		1.204,43
	Coceta	2.263,81	3.003,69
	UECOE	122,59	109,20
Primas de seguros	Entidade	135,52	1.200,16
	Subvención asociacións	468,14	825,93
	Proxecto Laces	198,26	
	Proxecto Poises	208,29	
Servizos bancarios e similares		1.098,21	487,97
Publicidade, propaganda e relacións públicas	Entidade	186,21	9.958,99
	Subvención asociacións	698,04	1.514,38
Subministros	Electricidade entidade	407,82	464,13
	Electricidade: Subvención asociacións	792,83	760,99
	Electricidade: Proxecto Poises	144,23	
	Auga entidade	99,84	328,44
	Auga:Subvención asociacións	326,93	386,77
	Auga: Proxecto Poises	299,51	
	Gas natural entidade	36,27	203,22
	Gas natural: Subvención asociacións	231,61	274,88
	Gas natural: Proxecto Poises	108,81	
Gastos formación interna persoal		693,00	137,73
Gastos Formación Eusumo	Entidade e Obradoiros Eusumo	5.647,88	12.362,54
	Subvención asociacións	21.391,54	26.007,22
Dietas e desprazamentos	Entidade persoal técnico	6.864,39	8.944,50
	Subvención asociacións	1.827,69	2.391,19
	Gastos Representación Consello Reitor	6.928,49	10.352,16
	Proxecto Laces	503,20	1.257,68
	Coop 57	1.176,31	
Material de oficina	Entidade	539,24	1.988,08
	Subvención asociacións	2.306,74	2.657,08
	Proxecto Laces	442,65	
	Proxecto Poises	375,00	
Correos e envíos	Entidade	144,55	115,88
	Subvención asociacións	467,26	98,83
Teléfono/fax	Entidade	931,02	2.252,03
	Subvención asociacións	2.124,72	2.506,25
	Proxecto Poises	539,24	
Limpeza	Entidade	583,61	1.464,43
	Subvención asociacións	1.195,42	1.428,36

	Proxecto Laces	296,07	
Outros servizos	Entidade	3.840,83	8.204,23
	Subvención asociacións	2.045,11	1.704,89
Cota asociación	Cota asociación Coceta	9.171,14	1.662,00
	Cota Coceta: Subv. asociacións	2.493,00	2.493,00
	Cota Uecoe	1.755,52	1.755,52
	Cota UECO: Subvención asociacións	2.633,28	2.633,28
	Cota Reas	100,00	100,00
Outros tributos		115,90	147,29
Axustes negativos en IVE de activo corrente (prorrata)		10.896,94	19.687,44
Perdidas en xestión corrente			352,20
IVE non deducible Formación		5.344,40	
Amortizacións		750,47	
Gastos extraordinarios	Devolución subvención asoc. 2017	2.349,84	
	Devolución subvención Concello A Coruña	10.524,73	
	Devolución Formación Coceta 2012	2.671,20	
	Gastos non deducibles(sancións)	2.393,11	
	Gastos excepcionais		1.000,00
Gastos financeiros		3.280,44	4.447,85

Emprego

O número medio de persoas empregadas no exercicio 2019 foi de 9 como persoal fixo e 4,59 para o persoal non fixo (no 2018 9 como persoal fixo e 4,62 para non fixo).

Non existen persoas contratadas no curso do exercicio nin no anterior con discapacidade maior ou igual ao 33%.

10 . SITUACIÓN FISCAL.

O detalle dos saldos mantidos cas administracións públicas preséntase a continuación:

Saldos acreedores:

	2018	2019
-Por I.R.P.F.	7.796,65	10.001,40
-Por Seguridade Social	6.229,15	7.000,47
-Por H.P. acreedora IVE	1.645,99	0,00
TOTAL	15.671,79	17.001,87

Saldos debedores:

	2018	2019
-Deudor por subvencións concedidas	244.270,01	206.877,52
-Deudor por devolución impostos e outros	271,82	121,59

- Por H.P. deudor por Ive		8.342,70
TOTAL	244.541,83	215.341,81

Conciliación do resultado coa base imponible do Imposto sobre Sociedades:

Conciliación do resultado coa base imponible do Imposto sobre Sociedades 2019			
Resultado contable del ejercicio.....			-3.580,90
	Aumentos	Diminucións	
Imposto sobre Sociedades			
Diferenzas permanentes	1.000,00	34.061,63	
Diferenzas temporais:			
- Con orixe no exercicio	482.080,59	479.221,89	
- Con orixe en exercicios anteriores			
Base imponible (resultado fiscal).....			-33.783,83
Cota íntegra			8.445,96

Conciliación do resultado coa base imponible do Imposto sobre Sociedades 2018			
Resultado contable del ejercicio.....			-16.000,05
	Aumentos	Diminucións	
Imposto sobre Sociedades			
Diferenzas permanentes	2.393,11	5.324,28	
Diferenzas temporais:			
- Con orixe no exercicio	386.391,81	373.332,09	
- Con orixe en exercicios anteriores			
Base imponible (resultado fiscal).....			-5.871,50
Cota íntegra			-1.467,87

A Unión é unha entidade parcialmente protexida e parcialmente exenta e por tanto tributa ó 25% no imposto de Sociedades sobre as actividades de explotación económica que realiza.

A entidade procedeu a rexistrar neste exercicio e no anterior os activos por impostos diferido correspondente as perdas obtidas en ambos exercicios o considerar considerado os Administradores da entidade que, conforme a mellor estimación sobre os resultados futuros da entidade, e dacordo coa evolución da entidade, é probable que ditos activos sexan recuperados.

Pola súa parte os gastos da entidade está afectados pola regra da prorrata xeral, derivada da impartición de cursos de formación e cotas dos asociados, sendo a prorrata dun 36% no exercicio 2019 (39% no 2018).

Períodos abertos a inspección

De acordo coa lexislación vixente, os impostos non poden considerarse liquidados definitivamente ata que as declaracións presentadas teñan sido inspeccionadas polas autoridades fiscais ou teña transcorrido o prazo de prescrición de 4 anos, polo que se encontran abertas a efectos de inspección as declaracións dos impostos a que está suxeita a entidade e as entidades fusionadas relativas ós últimos exercicios non

prescritos. Así, derivadas das diferenzas de interpretacións da normativa fiscal aplicable puideran existir continxencias fiscais, aínda que se estima que non afectarían ás contas anuais no seu conxunto. A entidade non dota provisión algunha por dito concepto.

A entidade foi sometida a unha revisión tributaria do Ive correspondente ao exercicio 2018 e non corresponde facer ningunha modificación.

11. SUBVENCIONS , DOAZONS E LEGADOS

Espazocoop ten concedido en 2019 as seguintes subvencións:

A) Consellería de Economía, emprego e industria- Xunta de Galicia:

- Gastos de funcionamento 2019: 100.000,00 euros.
- Rede Eusumo 2019/2020: 160.448,00 euros.
- Actividades Entidades colaboradoras Rede Eusumo 2018/2019: 11.615,20 dos cales 5.543,20 corresponden a 2018 e 6.072,00 euros a 2019

B) Fondo Social Europeo:

- Convocatoria Cepes: Poxecto Poises- Creces: Asignación do proxecto: 23.876,21 euros en 2018 e 52.724,15 euros a 2019.
- Proxecto Poptep Laces: Asignación do proxecto: 90.077,28 euros en 2018 e 119.019,74 a 2019.

C) Convenio de Colaboración co Concello de A Coruña: 19.998,00 euros.

A Unión estima cumprir ao peche do presente exercicio 2019 con todas as condicións asociadas á concesión das subvencións indicadas.

12. OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS.

Non existen relacións con outras empresas que están vinculadas por unha relación de control , directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do código de Comercio.

Retribucións do órgano de administración:

Os membros do Consello Reitor, recibiron durante o exercicio 2019 a cantidade de en concepto de gastos de representación 10.352,16 euros (6.508,15 euros en 2018).

Os membros do Consello Reitor non recibiron anticipos nin créditos durante o exercicio, nin tampouco existen obrigas contraídas en materia de pensións ou seguros de vida.

No exercicio 2019 e a principios de 2020 producíronse cambios nos membros do Consello Reitor.

Retribucións ó persoal de alta dirección:

O xerente da entidade percibiu un importe de 25.911,97 euros (25.871,40 no ano 2018) e 3.452,29 euros en concepto de dietas por gastos de desprazamento (3.237,62 euros no ano 2018).

Handwritten signatures in blue ink are present on the right side of the page, corresponding to the various sections of the document. There are approximately 10 distinct signatures, some appearing to be initials or full names, written in a cursive style.

13. INFORMACIÓN SOBRE MEDIOAMBIENTE

Dadas as actividades as que se dedica a Entidade, esta non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións ou contingencias de natureza medioambiental que puideran ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados. Por este motivo, non se inclúen os desgloses específicos nesta memoria. Durante o exercicio a entidade non realizou inversións por este concepto.

14. ACONTECEMENTOS POSTERIORES O PECHE DO EXERCICIO

O COVID-19 converteuse a nivel mundial nunha emerxencia sanitaria afectando os cidadáns, as empresas e a economía en xeral.

A entidade puxo en marcha os plans de contingencia necesarios para garantir a continuidade da actividade fundamentalmente a través do establecemento do teletraballo para o persoal..

Se ben é difícil, a data de formulación destas contas anuais, facer unhas previsións sobre os efectos da pandemia, entendemos que a entidade, atendendo a súa situación particular e as medidas que está levando a cabo, continuará a súa actividade habitual, de maneira que a situación non repercutirá nas contas anuais de 2019, pero sí podería afectar as previsións para o exercicio 2020, como vai a suceder coa maioría das entidades españolas.

Salvo polo indicado nos párrafos anteriores, non existen outros acontecementos posteriores ao peche do exercicio, dignos de mención.

En Santiago de Compostela a 22 de xullo de 2020 o Consello Reitor formula as presentes contas anuais correspondentes ao exercicio 2019 para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.


Ana Olveira Blanco
Presidenta




Zoilo Formoso Cancela
Secretario




Miguel A. Filgueira Touriño
Vicepresidente



Celso Gándara Carnero
Vogal 1º




Emilia Candal Bouzas
Vogal 2º




Isabel García Álvarez
Vogal 3º




Pilar Lozano Yañez
Vogal 4º

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'P. Lozano', with a long horizontal stroke extending to the left.

Pablo Álvarez Fernández
Vogal 5º

A complex, stylized handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and lines.

José Carlos Freire Castroseiros
Vogal 6º

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'José Carlos', with a long horizontal stroke extending to the right.